



DECRETO

Durante a vixencia do presente mandato, e ao abeiro do establecido nos artigos 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local; artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local, esta Alcaldía-Presidencia resolveu con data 17/06/2020 nomear a D^a L. Gallego Sanromán, con DNI ***8996**, como Adxunta Directora Gabinete Alcaldía, na condición de persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo.

Con data 24/07/2020 D^a L. Gallego Sanromán, presenta renuncia a dito nomeamento como consecuencia do seu nomeamento como Diputada no Parlamento de Galicia, con efectos do 23/07/2020.

En consecuencia, e ao abeiro das competencias que a lexislación invocada me outorga, así como daquelas que o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, me atribúe, pola presente RESOLVO

“PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia presentada por D^a L. Gallego Sanromán, con DNI ***8996**, como Adxunta Directora Gabinete Alcaldía por ser nomeada diputada do Parlamento de Galicia, cesando en consecuencia na condición de persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo, con efectos deo 23/07/2020.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución a interesada, Secretaría Xeral (Pleno, Goberno Local e Administración Municipal); Intervención Xeral Municipal; Tesourería Municipal; Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal e Área de Recursos Humanos e Formación aos efectos oportunos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa.

MRM/

Vigo, data segundo sinatura electrónica
O ALCALDE.- Abel Caballero Álvarez

DOU FE, A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL.- M^a Concepción Campos Acuña

